

datos establecidas no artigo 8 da Lei de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións, salvo que se deban considerar como infracción moi grave.»

Disposición derradeira segunda. *Competencia estatal.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública, e do artigo 149.1.21.^a, que lle confire ao Estado competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habilitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Formato de entrega dos datos.*

1. A cesión aos axentes facultados dos datos cuxa conservación sexa obrigatoria efectuarase en formato electrónico, na forma que se determine por orde conxunta dos ministros de Interior, de Defensa e de Economía e Facenda, que se aprobará no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

2. Os suxeitos obrigados a que se refire o artigo 2 desta lei terán un prazo de seis meses, desde a súa entrada en vigor, para configuraren, á súa custa, os seus equipamentos e estaren tecnicamente en disposición de cumprir coas obrigas de conservación e cesión de datos.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18305 *REAL DECRETO 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea. («BOE» 252, do 20-10-2007.)*

Este real decreto culmina a incorporación ao dereito español do réxime comunitario da transparencia da información sobre os emisores cuxos valores coticen nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado

regulado da Unión Europea. A orixe desta norma encóntrase no Plan de Acción para os Servizos Financeiros da Unión Europea, aprobado pola Comisión Europea en 1999. Ese plan consiste nun conxunto de medidas acordadas no ámbito da Unión Europea co ánimo de completar o mercado único de servizos financeiros. Unha das medidas destacadas que compoñen ese plan foi a adopción da Directiva 2004/109/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE. Esta norma, tal e como sinala o seu primeiro considerando, parte do convencemento de que a existencia de mercados de valores eficientes, transparentes e integrados contribúe a facer realidade o mercado único na Comunidade e estimula o crecemento e a creación de emprego a través dunha mellor distribución do capital e unha redución de custos. A divulgación de información exacta, completa e puntual sobre os emisores de valores fomenta a confianza continua do investidor e permite unha avaliación informada do seu rendemento e os seus activos. Con isto mellora a protección dos investidores e aumenta a eficiencia do mercado.

Con estes dous obxectivos, a Directiva 2004/109/CE diseña un réxime de información, á cal denomina «información regulada», composto, por unha parte, pola información pública que os emisores deben publicar e difundir ao mercado con carácter periódico (informes anual, semestrais e declaracións intermedias de xestión ou informes trimestrais), e, por outra parte, pola información sobre os emisores que debe estar á disposición do público e ser difundida de maneira continuada (información relevante segundo o réxime de abuso de mercado, identidade dos accionistas significativos, operacións de autocartera). Diversos aspectos da Directiva 2004/109/CE están desenvolvidos na Directiva 2007/14/CE da Comisión, do 8 de marzo de 2007, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado.

Os elementos esenciais da Directiva 2004/109/CE xa foron incorporados ao dereito español mediante a recente aprobación da Lei 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para a modificación do réxime das ofertas públicas de adquisición e da transparencia dos emisores, publicada no Boletín Oficial del Estado o venres 13 de abril de 2007. Por conseguinte, o obxectivo principal deste real decreto é desenvolver esas modificacións operadas na Lei do mercado de valores, para deste modo incorporar ao dereito español aquela parte da Directiva 2004/109/CE que non foi recollida na Lei 6/2007, así como a Directiva 2007/14/CE de desenvolvemento da anterior.

O real decreto comeza cun título preliminar de disposicións xerais no cal se determina o ámbito de aplicación da norma, se definen os elementos que integran a información regulada e se establece a obriga do emisor de publicar e difundir esa información, así como de remitirla simultaneamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores. O emisor poderá optar entre difundir directamente esa información ou encomendarlle esa función a un terceiro, que pode ser a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outros medios, como as bolsas de valores ou os medios de comunicación. O rexistro da información regulada desta comisión actúa como mecanismo central de almacenamento dela. Este título preliminar conclúe co réxime lingüístico aplicable á información regulada, colofón lóxico dun conxunto de regras sobre información financeira que están harmonizadas en toda a Unión Europea e previsión indispensable nun contexto en

que os mercados financeiros comunitarios se encontran cada vez máis integrados.

O título primeiro e o segundo conteñen as regras relativas á información que os emisores están obrigados a publicar e difundir de maneira periódica (título I) e continua (título II).

Deste modo, no título primeiro desenvólvense as obrigas dos emisores de elaborar e difundir o informe financeiro anual, os informes financeiros semestrais e a declaración intermedia de xestión. O real decreto concreta para cada tipo de informe diversas cuestións como o contido, o prazo de remisión, os principios contables aplicables e a responsabilidade derivada da súa elaboración e publicación, así como as condicións para considerar equivalentes ás normas españolas as normas relativas á información pública periódica de sociedades que coticen en España e teñan o seu domicilio social nun país terceiro non membro da Unión Europea. Merece salientarse que o real decreto establece unha habilitación ao ministro de Economía e Facenda para que estableza requisitos adicionais de información en materia de información sobre operacións con partes vinculadas, de modo que, mentres non se modifique, se mantén en vigor a Orde EHA/3050/2004, do 15 de setembro, sobre a información das operacións vinculadas que deben subministrar as sociedades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais.

No título segundo desenvólvense as obrigas de información sobre participacións significativas e autocartera. O artigo 54 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, establece que os accionistas e detentores de determinados instrumentos financeiros lles deben notificar ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores a adquisición ou perda dunha participación significativa dos dereitos de voto da sociedade. O real decreto concreta diversos aspectos relacionados con esta obriga, como son as porcentaxes de dereitos de voto que teñen a consideración de participación significativa (3%, 5%, 10%, 15%, 20%, 25%, 30%, 35%, 40%, 45%, 50%, 60%, 70%, 75%, 80% e 90%), a determinación das persoas distintas do accionista que están obrigadas a notificar a participación significativa, as excepcións á obriga de notificar, os prazos para realizar a notificación e o contido desta. Así mesmo, prevense normas relativas a supostos especiais de notificación de participacións significativas, como nos casos de ampliacións de capital con cargo a reservas, transmisión de valores por causa de morte, por liquidación dunha sociedade, como consecuencia de fusións ou escisións de sociedades ou notificacións no curso dunha oferta pública de adquisición de accións, suposto este último que xustifica un aumento das exixencias de transparencia. Por outro lado, é importante ter en conta que as obrigas sobre comunicación de participacións significativas de administradores e directivos deben ser cumpridas con independencia da observancia das obrigas de comunicación de operacións por parte dos anteriores establecidas no artigo 9 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado. Xunto ao anterior, no real decreto concréntanse determinadas obrigas de comunicación do emisor respecto ás accións propias que posúa (autocartera), como son a porcentaxe de dereitos de voto que obriga a comunicar (1%) e o contido da comunicación. Así mesmo, determínanse as condicións para considerar equivalentes ás normas españolas as normas de transparencia sobre participacións significativas e autocartera de sociedades que coticen en España e teñan o seu domicilio social nun país terceiro non membro da Unión Europea.

Con independencia do suposto da Orde EHA/3050/2004, do 15 de setembro, antes citada, o texto foi deseñado de tal maneira que non sexa necesario acudir a desenvolvementos ulteriores mediante ordes ministeriais.

Non obstante, será preciso que a Comisión Nacional do Mercado de Valores utilice a súa habilitación para establecer os modelos de comunicación da información periódica, o contido do informe trimestral voluntario e os modelos de comunicación de participacións significativas e autocartera.

O articulado do real decreto termina con outras obrigas de información dos emisores que se recollen no título terceiro. Trátase da obriga dos emisores de lles facilitar aos accionistas e aos detentores de débeda a información e os mecanismos necesarios para que poidan exercer os seus dereitos. Por outro lado, este real decreto non se limita unicamente a incorporar as dúas directivas sobre transparencia, xa que tamén integra no articulado deste último título obrigas que xa existían no noso ordenamento e que non teñen a súa orixe na transposición da normativa comunitaria, como é o caso da obriga dos administradores e directivos de compañías cotizadas de lle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores o outorgamento ao seu favor de calquera sistema de retribución que comporte a entrega de accións da sociedade en que exercen o seu cargo ou de dereitos de opción sobre estas, ou cuxa liquidación se atope vinculada á evolución do prezo desas accións.

Por último, este real decreto conclúe con dúas disposicións adicionais, unha transitoria e tres derradeiras. Na primeira disposición adicional aclárase que, para efectos do réxime de abuso de mercado, se entenderán como días hábiles os días hábiles bolsistas. Deste modo coordínase neste aspecto a normativa de transparencia e a de abuso de mercado. Na segunda disposición adicional establécense as particularidades aplicables á información parlamentaria que deben remitir a Sociedade Estatal de Participacións Industriais e as empresas que a integran, segundo o disposto no artigo 16.2 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público; nas disposicións transitoria e derradeiras deséñase un réxime de entrada en vigor das normas deste real decreto que lles permita aos emisores e titulares de participacións significativas un tránsito harmónico ao novo marco xurídico da transparencia desde o réxime vixente antes da entrada en vigor desta norma.

Este real decreto derroga expresamente o Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisicións por estas de accións propias, a Orde ministerial do 18 de xaneiro de 1991, sobre información pública periódica das entidades emisoras de valores admitidos a negociación en bolsas de valores e a Orde ministerial do 23 de abril de 1991, de desenvolvemento do Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisicións por estas de accións propias, e foi ditado en exercicio das habilitacións contidas nos artigos 35, 35 bis, 35 ter, 53 e 53 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto regula os requisitos relativos ao contido, publicación e difusión da información regulada

sobre os emisores de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea cando España sexa Estado membro de orixe.

2. A información regulada inclúe:

a) A información periódica regulada nos artigos 35 e 35 bis, da Lei 24/1988, do 28 de xuño, do mercado de valores.

b) A relativa ás participacións significativas e ás operacións dos emisores sobre as súas propias accións nos termos dos artigos 53 e 53 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

c) A relativa ao número total de dereitos de voto e de capital ao termo de cada mes natural durante o cal se produce un incremento ou diminución, como resultado dos cambios do número total de dereitos de voto a que se refire o segundo parágrafo do número 1 do artigo 53 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e de acordo co establecido nese parágrafo.

d) A información relevante a que se refire o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

3. Para os efectos deste real decreto, terán a consideración de valor negociable os establecidos no artigo 3.2 do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos.

4. Malia o establecido nos parágrafos anteriores, este real decreto non será de aplicación ás institucións de investimento colectivo de tipo aberto, aos seus partícipes ou accionistas, nin aos emisores de obrigas de pagamento con prazo de vencemento inferior a 12 meses.

Artigo 2. *Definición de Estado membro de orixe.*

1. Para os efectos da aplicación deste real decreto, entenderase que España é Estado membro de orixe nos seguintes supostos:

a) Para emisores de valores negociables domiciliados nun Estado membro da Unión Europea:

1.º Cando teñan o seu domicilio social en España, e sexan emisores ou ben de accións ou ben de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa inferior a 1.000 euros.

2.º Nos supostos de valores diferentes aos mencionados no punto anterior, cando o emisor elixa España como Estado membro de orixe, sempre que teña o seu domicilio social en España ou os seus valores fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

b) Para emisores de valores negociables non domiciliados nun Estado membro da Unión Europea:

1.º Cando España sexa Estado membro de orixe de conformidade co artigo 2.b) 3.º do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos, e sexan emisores ou ben de accións ou ben de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa inferior a 1.000 euros.

2.º Para o resto de valores, cando o emisor elixa España como Estado membro de orixe sempre que os valores fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

2. Para os efectos do disposto neste real decreto, a elección por parte do emisor de España como Estado membro de orixe será única e válida durante polo menos tres anos, salvo que os seus valores deixen de admitirse a negociación nos mercados regulados da Unión Europea. Esa elección deberá difundirse segundo o establecido no artigo 4.

Artigo 3. *Estado membro de acollida.*

Para os efectos da aplicación deste real decreto, entenderase que España é Estado membro de acollida cando os valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español e, de conformidade co artigo anterior, España non sexa Estado membro de orixe.

Artigo 4. *Publicación e difusión da información regulada.*

1. O emisor deberá publicar a información regulada na súa páxina web e, de maneira simultánea, estará obrigado a difundir a información regulada a través dun medio que garanta o seu acceso rápido, non discriminatorio e xeneralizado ao público en todo o ámbito da Unión Europea e non lles poderá cobrar aos investidores ningún gasto concreto pola subministración da información. O emisor poderá optar entre difundir directamente a información regulada ou encomendarlle esta función a un terceiro que actúe como difusor, que poderá ser a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outros medios, como as bolsas e os medios de comunicación, sempre que se cumpran os requisitos establecidos nos puntos seguintes.

2. O emisor deberalle transmitir ao difusor a información regulada na súa versión completa e non modificada. Non obstante, no caso da información pública periódica, bastará con que indique o sitio web en que estean dispoñibles os documentos correspondentes.

3. O emisor transmitiralle a información regulada ao difusor de maneira que se garanta a seguranza da comunicación, se minimice o risco de corrupción de datos e de acceso non autorizado, e se achegue certeza respecto á fonte desa información. O emisor deberá remediar o antes posible calquera fallo ou perturbación na transmisión da información que estea baixo o seu control.

4. O emisor non será responsable das deficiencias ou erros sistémicos do difusor ao cal lle comunicase a información regulada.

5. O emisor transmitirá a información regulada de maneira que quede claro que se trata de información regulada e se identifique claramente o emisor, o obxecto da información regulada, e a data e hora da comunicación.

6. Cando se lle solicite, o emisor deberá estar en condicións de lle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, en relación coa divulgación de información regulada, o seguinte:

- a) O nome da persoa que facilitou a información;
- b) Os datos sobre a validación da seguranza;
- c) A data e hora en que se facilitou a información;
- d) O soporte da información comunicada;
- e) Se é o caso, información detallada sobre calquera restrición imposta polo emisor respecto á información regulada.

7. As obrigas impostas ao emisor neste artigo serán tamén de aplicación á persoa que solicitou a admisión a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, sen o consentimento do emisor.

Artigo 5. *Mecanismo central de almacenamento da información regulada.*

O rexistro oficial da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto no artigo 92.g) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, terá a consideración de mecanismo central de almacenamento da información regulada. A Comisión Nacional do Mercado de Valores velará para que ese mecanismo cumpra cos principios de seguranza, certeza da fonte de información, rexistro cronolóxico e facilidade de acceso por parte dos usuarios finais. Así mesmo, deberá ter a capacidade para conectarse con outros mecanismos similares de almacenamento na Unión Europea co obxectivo de compartir a información.

Artigo 6. *Control pola Comisión Nacional do Mercado de Valores da información regulada.*

1. Cando o emisor publique información regulada, deberalla remitir, simultaneamente, á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa incorporación no rexistro oficial previsto na letra g) do artigo 92 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado do valores. Exceptúanse desta obriga os emisores en relación coa publicación das notificacións a que se refire o capítulo I do título II.

2. Cando España sexa Estado membro de acollida e os valores estean admitidos a negociación unicamente nun mercado secundario oficial, a Comisión Nacional do Mercado de Valores asegurase de que a información regulada se difunde de conformidade cos requisitos mencionados no artigo 4.

Artigo 7. *Idioma da información regulada.*

1. Cando os valores estean admitidos a negociación unicamente nun ou varios mercados secundarios oficiais e o emisor teña o seu domicilio social en España, a información regulada publicarase en castelán.

2. Cando o emisor teña o seu domicilio social nun país distinto de España, a información regulada publicarase, á elección do emisor:

- a) En castelán; ou
- b) Nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais; ou
- c) Noutro idioma distinto dos anteriores que acepte a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Cando os valores estean admitidos a negociación en España e nun ou varios mercados regulados domiciliados noutros Estados membros da Unión Europea, a información regulada publicarase, á elección do emisor:

- a) Nun dos idiomas citados nas letras a), b) e c) do punto anterior; e
- b) Nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou lingua aceptada polas autoridades competentes de todos os Estados de acollida onde os valores estean admitidos a negociación.

4. Cando os valores estean admitidos a negociación, unicamente, nun ou varios mercados regulados domiciliados noutros Estados membros da Unión Europea, a información regulada publicarase, á elección do emisor:

- a) Nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais; ou
- b) Nunha lingua aceptada polas autoridades competentes de todos os Estados de acollida onde os valores estean admitidos a negociación. Neste caso, o emisor deberá, ademais, publicar a información regulada noutro idioma adicional, que será, á súa elección, un dos citados nas alíneas a), b) e c) do punto 2.

5. As persoas obrigadas a comunicar participacións significativas poderán facer a devandita notificación unicamente nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais. O emisor que reciba notificacións nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais non estará obrigado a traducilas para o castelán.

6. Cando os valores cuxo valor nominal unitario sexa de, polo menos, 50.000 euros e se admitan a negociación nun ou varios mercados secundarios oficiais ou mercados regulados, a información regulada será publicada, á elección do emisor:

- a) Nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou
- b) Nunha lingua aceptada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e polas autoridades competentes dos Estados membros de acollida.

6. Cando os valores se admitan a negociación nun mercado regulado sen o consentimento do emisor, as obrigas previstas nos números 1, 2, 3, 4 e 6 deste artigo non serán de aplicación ao emisor, senón á persoa que, sen consentimento do emisor, solicítase esa admisión.

TÍTULO I

Información periódica

CAPÍTULO I

Informe financeiro anual

Artigo 8. *Contido do informe financeiro anual e prazo para a súa remisión.*

1. Segundo o artigo 35 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán o seu informe financeiro anual, que comprenderá:

a) As contas anuais e o informe de xestión individuais da entidade e, de ser o caso, do seu grupo consolidado revisados polo auditor co alcance definido no artigo 208 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

b) As declaracións de responsabilidade sobre o seu contido, que deberán ser asinadas polos administradores e cuxos nomes e cargos se indicarán claramente, no sentido de que, ata onde alcanza o seu coñecemento, as contas anuais elaboradas de acordo cos principios de contabilidade aplicables ofrecen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do emisor e das empresas comprendidas na consolidación tomados no seu conxunto, e que o informe de xestión inclúe unha análise fiel da evolución e os resultados empresariais e da posición do emisor e das empresas comprendidas na consolidación tomadas no seu conxunto, xunto coa descrición dos principais riscos e incertezas a que se enfrontan.

2. O prazo para publicar e difundir o informe financeiro anual será, como máximo, de 4 meses desde a finalización do exercicio económico do emisor e non poderá exceder da data en que se publique oficialmente a convocatoria da xunta xeral de accionistas ou do órgano que resulte competente para a aprobación do informe financeiro anual.

Artigo 9. *Principios contables aplicables ás contas anuais.*

1. Cando ao emisor lle sexa exixible, en aplicación da normativa vixente, a preparación de contas anuais consolidadas, estas serán elaboradas aplicando as normas internacionais de información financeira, adoptadas polos correspondentes regulamentos da Comisión Europea.

2. As contas anuais individuais elaboraranse de conformidade coa lexislación do Estado membro onde teña o seu domicilio social o emisor.

Artigo 10. *Responsabilidade do contido e a publicación do informe financeiro anual.*

1. Serán responsables do informe financeiro anual a entidade emisora e os seus administradores en canto suxeitos obrigados a formular e asinar as contas anuais e o informe de xestión individuais da entidade e, de ser o caso, do seu grupo consolidado, e a declaración de responsabilidade sobre o seu contido.

2. Estarán lexitimadas para exercer a acción a que se refire o artigo 35 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os titulares de valores da entidade emisora a que se refira o informe financeiro anual que sufrisen prexuízos económicos como consecuencia directa de que o seu contido non proporcionaba a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do emisor e/ou, de ser o caso, do seu grupo consolidado.

CAPÍTULO II

Informe financeiro semestral

Artigo 11. *Contido do informe financeiro semestral e prazo para a súa remisión.*

1. De conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, os emisores cuxas accións ou valores de débeda estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán un informe financeiro semestral relativo aos primeiros seis meses do exercicio. Adicionalmente, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán un segundo informe financeiro semestral relativo aos doce meses do exercicio. Esta obriga non será de aplicación se o informe financeiro anual se fixo público nos dous meses seguintes á finalización do exercicio a que se refire. Estes informes financeiros semestrais comprenderán:

a) As contas anuais resumidas e o informe de xestión intermedio individuais da entidade e, se é o caso, do seu grupo consolidado.

b) As declaracións de responsabilidade sobre o seu contido, que deberán ir asinadas polos administradores do emisor, cuxos nomes e cargos se indicarán claramente, no sentido de que, ata onde alcanza o seu coñecemento, as contas anuais resumidas elaboradas de acordo cos principios de contabilidade aplicables ofrecen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do emisor, ou das empresas comprendidas na consolidación tomadas no seu conxunto, e que o informe de xestión intermedio inclúe unha análise fiel da información exixida.

2. O prazo para publicar e difundir o informe financeiro semestral será, como máximo, de dous meses desde a finalización do semestre do exercicio económico do emisor ao cal se refira.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 171.2 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, o secretario do consello de administración do emisor responsabilizarase de comprobar que o informe financeiro semestral foi asinado por cada un dos administradores do emisor e de lle enviar á Comisión Nacional do Mercado de Valores o ficheiro informático que conteña tal informe financeiro semestral. Para iso deberá acreditar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o poder delegado polo consello de administración para remitir o informe financeiro semestral.

Artigo 12. *Principios contables das contas anuais resumidas.*

1. Cando ao emisor lle sexa exixible, en aplicación da normativa vixente, a preparación de contas anuais resumidas consolidadas, estas serán elaboradas aplicando as normas internacionais de contabilidade, adoptadas polos regulamentos da Comisión Europea.

2. As contas anuais resumidas individuais conterán os estados financeiros que sexan obrigatorios segundo a lexislación do Estado membro en que teña o seu domicilio social o emisor, adaptados a un modelo resumido, e serán elaboradas aplicando os mesmos principios de recoñecemento e valoración que ao elaborar as contas anuais individuais incluídas no informe financeiro anual.

Artigo 13. *Contido mínimo das contas anuais resumidas non consolidadas.*

1. Cando as contas anuais resumidas non estean preparadas consonte as normas internacionais de contabilidade adoptadas segundo o procedemento establecido no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade, o contido mínimo das contas anuais resumidas axustarase ao disposto nos números seguintes.

2. O balance resumido e a conta de perdas e ganancias resumida e aqueloutros estados financeiros que o emisor estea obrigado a elaborar de conformidade coa normativa vixente mostrarán cada unha das agrupacións, epígrafes e partidas dos estados financeiros anuais máis recentes do emisor. Engadiranse outras partidas de, como resultado da súa omisión, os estados financeiros semestrais ofreceren unha imaxe non fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do emisor. Ademais, incluírase a seguinte información comparativa:

En relación co informe semestral do primeiro semestre:

a) Balance ao final dos primeiros seis meses do exercicio en curso e balance comparativo ao final do exercicio inmediatamente anterior.

b) Conta de perdas e ganancias para os primeiros seis meses do exercicio en curso con información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

c) Aqueloutros estados financeiros, respecto dos primeiros seis meses do exercicio, que, de conformidade coa normativa vixente, o emisor estea obrigado a elaborar con información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

En relación co segundo informe semestral:

a) Balance ao final do exercicio en curso e balance comparativo ao final do exercicio inmediatamente anterior.

b) Conta de perdas e ganancias para os doce meses do exercicio con información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

c) Aqueloutros estados financeiros, respecto dos doce meses do exercicio que, de conformidade coa normativa vixente, o emisor estea obrigado a elaborar con

información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

3. As notas explicativas ou memoria incluirán o seguinte:

a) información suficiente para asegurar a comparabilidade dos estados financeiros semestrais resumidos cos estados financeiros anuais;

b) información e explicacións suficientes para asegurar a adecuada comprensión polo usuario de calquera cambio significativo nas cantidades e de calquera acontecemento no semestre correspondente que se recollan no balance e a conta de perdas e ganancias.

Artigo 14. *Informe de auditoría.*

1. De o informe financeiro semestral ter sido voluntariamente auditado, o informe de auditoría publicarase integramente. En caso contrario, o informe financeiro semestral conterá unha declaración do emisor en que manifeste que non foi auditado nin revisado polos auditores.

2. Cando o informe de auditoría emitido sobre as contas anuais individuais da entidade ou, de ser o caso, do seu grupo consolidado correspondentes ao exercicio anterior conteña unha opinión con observacións ou a opinión do auditor for adversa ou denegar a opinión, o emisor deberá obter dos seus auditores un informe especial, que se xuntará ao informe financeiro semestral seguinte, e que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) No suposto de teren desaparecido as causas que deron lugar á opinión con observacións, incluídas a denegación de opinión e a opinión adversa, deberá poñerse de manifesto esta circunstancia, así como a incidencia que as correccións introducidas puideron ter na información do semestre obxecto do informe.

b) No suposto de persistiren as causas que deron lugar á opinión con excepcións, incluídas a denegación de opinión e a opinión adversa, farase constar expresamente esa circunstancia, así como os efectos que poderían ter derivado de se teren incorporado tales excepcións sobre os resultados e, de ser o caso, sobre os fondos propios que figuran na información do semestre obxecto do informe.

3. O indicado no número anterior non será de aplicación de se teren reformulado as mencionadas contas anuais e a opinión do auditor sobre elas ser favorable.

Artigo 15. *Contido do informe de xestión intermedio.*

1. O informe de xestión intermedio incluirá, polo menos, unha indicación dos feitos importantes acaecidos no período correspondente e a súa incidencia nas contas anuais resumidas. Así mesmo, o informe semestral relativo ao primeiro semestre deberá conter unha descrición dos principais riscos e incertezas para o semestre restante do mesmo exercicio.

2. Os emisores de accións incluirán no informe de xestión intermedio as operacións máis importantes entre partes vinculadas. Como mínimo, incluirán as seguintes:

a) As operacións con partes vinculadas que tivesen lugar nos primeiros seis meses do exercicio en curso e que afectasen substancialmente a situación financeira ou os resultados da empresa durante ese período;

b) Calquera cambio nas operacións con partes vinculadas descritas no último informe anual que poidan ter tido un efecto substancial na situación financeira ou os resultados da empresa nos primeiros seis meses do exercicio en curso.

3. O emisor ofrecerá sobre cada operación a información que debese ofrecer nas contas anuais. Non será necesario que o emisor volva informar, no informe de

xestión intermedio, daquelas transaccións con partes vinculadas sobre as cales xa informase no punto correspondente do informe financeiro semestral se considera que non se achega ningunha información relevante adicional.

4. O ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá determinar que os emisores ofrezan información adicional sobre operacións con partes vinculadas.

Artigo 16. *Diferenzas entre o informe financeiro anual e as informacións financeiras semestrais e/ou intermedias.*

1. Se na formulación das contas anuais dun exercicio a entidade emisora corríxise erros materiais nos cales se incorrese en calquera informe financeiro semestral ou declaración intermedia correspondentes a ese exercicio, deberalle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a natureza do erro, as circunstancias que o orixinaron e o importe do axuste na mencionada información financeira regulada.

2. Se na formulación das contas anuais dun exercicio a entidade emisora introducíse algún cambio nunha política ou criterio contable que fose utilizado en calquera informe financeiro semestral ou declaración intermedia correspondentes a ese exercicio, deberá comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores a natureza do cambio, as razóns polas cales a aplicación da nova política contable subministra información máis fiable e relevante e o importe do axuste na mencionada información financeira regulada.

3. As comunicacións a que se refiren os puntos 1 e 2 deste artigo deberán realizarse dentro dos dez días hábiles seguintes á data en que os administradores da entidade emisora formulen as contas anuais, e incorporarán os modelos de información financeira semestral ou declaracións intermedias afectados polos erros ou os cambios nas políticas contables debidamente corríxidos.

4. De os administradores da entidade emisora reformularen as contas anuais correspondentes a un exercicio, será de aplicación o disposto nos puntos anteriores.

Artigo 17. *Responsabilidade polo contido e a publicación do informe financeiro semestral.*

1. O emisor e os administradores serán responsables do informe financeiro semestral.

2. Estarán lexitimados para exercer a acción civil de responsabilidade os titulares de valores da entidade emisora a que se refira o informe financeiro semestral que sufrisen prexuízos económicos como consecuencia directa de que o seu contido non proporcionaba a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do emisor e/ou, de ser o caso, do seu grupo consolidado.

Artigo 18. *Información para efectos estatísticos e prazo para a súa remisión.*

1. Para efectos da publicación de estatísticas, o emisor remitiralle á Comisión Nacional do Mercado de Valores os estados financeiros resumidos relativos ao período correspondente, así como outra información seleccionada adicional, sen incluír todas as notas explicativas, nas mesmas datas en que se fagan públicos o primeiro e o segundo informe financeiro semestral. Para estes efectos, utilizarase o modelo de informe financeiro semestral que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude da habilitación prevista no artigo 22.

2. O emisor que publique o informe financeiro anual nos dous meses seguintes á finalización do exercicio a que se refire remitiralle á Comisión Nacional do Mercado

de Valores, para efectos da publicación de estatísticas, os estados financeiros resumidos relativos aos doce meses do exercicio, así como outra información seleccionada adicional, sen incluír todas as notas explicativas ou memoria, na mesma data en que se faga público o informe financeiro anual. Para estes efectos utilizarase o modelo de informe financeiro semestral que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores en virtude da habilitación prevista no artigo 22.

CAPÍTULO III

Declaración intermedia

Artigo 19. *Emisores obrigados e prazo para a publicación da declaración intermedia.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o emisor cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado publicará dúas declaracións intermedias durante o primeiro e segundo semestre do exercicio, respectivamente. Esas declaracións publicaranse como máximo 45 días despois da data de finalización do primeiro e terceiro trimestre, e conterán a información do período transcorrido entre o comezo do exercicio económico e a data de finalización de cada trimestre.

Artigo 20. *Contido da declaración intermedia.*

1. A declaración intermedia conterá:

- a) Unha explicación dos feitos e operacións significativos que tivesen lugar durante o período correspondente e a súa incidencia na situación financeira do emisor e das súas empresas controladas, e
- b) Unha descrición xeral da situación financeira e dos resultados do emisor e as súas empresas controladas durante o período correspondente.

2. As magnitudes contables relativas ao grupo consolidado do emisor, que se inclúan nas declaracións intermedias, serán elaboradas aplicando as normas internacionais de contabilidade adoptadas polos regulamentos da Comisión Europea. As magnitudes contables individuais da entidade emisora, que se inclúan nas declaracións intermedias, elaboraranse cos mesmos principios contables de recoñecemento e medición que os utilizados ao preparar as contas anuais individuais da entidade.

CAPÍTULO IV

Países terceiros e modelos de información periódica

Artigo 21. *Obrigas dos emisores con domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea.*

1. Nos supostos en que, de acordo co artigo 2 b), España sexa Estado de orixe e o emisor teña o seu domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximilo do cumprimento dos requisitos relativos ao contido das obrigas previstas neste título, sempre que a lexislación do Estado onde teña o seu domicilio social exixa requisitos equivalentes a este real decreto ou cando o emisor cumpra coas obrigas impostas pola lexislación dun Estado terceiro que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere equivalentes á española.

Consideraranse requisitos equivalentes, entre outros, os seguintes:

a) En relación co informe de xestión anual, cando, de conformidade coa lexislación do seu país, inclúa, polo menos, a seguinte información:

- 1.º Unha descrición obxectiva da evolución e os resultados dos negocios do emisor e da súa situación, que supoña unha análise equilibrada e exhaustiva, tendo en conta a magnitude e complexidade da empresa. Describirá, así mesmo, os seus principais riscos e incertezas.
- 2.º Unha indicación dos feitos relevantes posteriores ao cerramento contable.
- 3.º Unha indicación sobre o previsible desenvolvemento futuro do emisor.

b) En relación co informe de xestión intermedio, cando, de conformidade coa lexislación do seu país, ademais de exibir contas anuais resumidas, ese informe inclúa, polo menos, a seguinte información:

- 1.º Unha descrición sobre a evolución dos negocios durante o período intermedio.
- 2.º Unha indicación sobre o previsible desenvolvemento do emisor nos próximos seis meses.
- 3.º Para os emisores de accións, as transaccións importantes con partes vinculadas mencionadas no artigo 15.2, agás que fosen publicadas e desagregadas como feito relevante.

c) En relación coa declaración intermedia, cando o emisor estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, a publicar informes financeiros trimestrais.

d) En relación coa responsabilidade do contido da información financeira anual e semestral, cando a lexislación do seu país de orixe exixa que unha ou varias persoas no seo do emisor asuman a responsabilidade desa información e, en particular, do seguinte:

- 1.º A conformidade dos estados financeiros coas normas sobre presentación de informes ou o conxunto de normas de contabilidade aplicables.
- 2.º A obxectividade da análise da xestión incluída no informe de xestión.

e) En relación coas contas anuais individuais do emisor que non estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, á súa elaboración, cando ao formular as súas contas consolidadas estea obrigado a incluír a seguinte información:

- 1.º Para os emisores de accións, os dividendos computados e a capacidade para o seu pagamento.
- 2.º Para todos os emisores, cando sexa aplicable, os requisitos mínimos de capital, de patrimonio e liquidez.

Para verificar os requisitos de equivalencia, o emisor deberá ser capaz de subministrar información adicional auditada sobre as súas contas individuais relativa ás desagregacións anteriores, a cal estará elaborada de conformidade coa normativa do seu país.

f) En relación coas contas individuais do emisor que non estea obrigado, de conformidade coa lexislación do seu país, a elaborar contas consolidadas, cando esas contas individuais se elaboren de conformidade coas normas internacionais de información financeira adoptadas de acordo cos regulamentos da Comisión Europea ou de conformidade con normas contables nacionais que sexan equivalentes a aquelas. De non seren equivalentes, a información contable individual será reformulada e auditada.

2. En todo caso, será necesaria por parte do emisor a divulgación da información de conformidade coas normas do Estado de orixe, así como a súa comunicación, nos termos sinalados neste real decreto, á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 22. *Habilitación para a aprobación de modelos relativos á información periódica.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará mediante circular os modelos de información periódica, incluíndo as contas anuais resumidas e o contido dos informes financeiros trimestrais, de conformidade co disposto neste título e co informe previo do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

TÍTULO II

Información sobre participacións significativas e autocarteira

CAPÍTULO I

Participacións significativas

Artigo 23. *Notificación polo accionista ao emisor da adquisición ou cesión de participacións significativas.*

1. O accionista que adquira ou transmita accións que atribúan dereitos de voto dun emisor para o que España sexa Estado de orixe, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, deberalles notificar ao emisor e máis á Comisión Nacional do Mercado de Valores a proporción de dereitos de voto que quede no seu poder cando, como resultado desas operacións, esa proporción alcance, supere ou se reduza por debaixo dos limiares do 3%, 5%, 10%, 15%, 20%, 25%, 30%, 35%, 40%, 45%, 50%, 60%, 70%, 75%, 80% e 90%.

Para os efectos deste real decreto, entenderase por accionista toda persoa física ou xurídica que posúa, directa ou indirectamente a través dunha entidade controlada:

- a) Accións do emisor en nome propio e por conta propia;
- b) Accións do emisor en nome propio, pero por conta doutra persoa física ou xurídica;
- c) Certificados de depósito, caso en que o detentor dos citados certificados de depósito será o titular das accións subxacentes representadas polos certificados de depósitos.

Entenderase por control o establecido no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, da Lei do mercado de valores.

2. Os dereitos de voto calcularanse sobre a totalidade das accións que os atribúan, mesmo nos supostos en que o exercicio de tales dereitos estea suspendido.

Para efectos do disposto neste artigo, a porcentaxe de dereitos de voto calcularase sobre a base do número total de dereitos de voto de acordo coa publicación máis recente efectuada polo emisor e publicada na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. De se producir un cambio no número total de dereitos de voto do emisor, os accionistas notificaránlles ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores a proporción de dereitos de voto que alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes sinaladas no punto 1 deste artigo, sobre a base da nova información comunicada polo emisor á Comisión Nacional do Mercado de Valores e feita pública.

Artigo 24. *Notificación da adquisición, transmisión ou exercicio de dereitos de voto por outros suxeitos obrigados distintos do accionista.*

1. Os requisitos de notificación establecidos no artigo anterior aplicaráselle tamén a toda persoa física

ou xurídica que, con independencia da titularidade das accións, adquira, transmita ou teña a posibilidade de exercer os dereitos de voto atribuídos por esas accións, sempre que a proporción de dereitos de voto alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes sinaladas no artigo 23.1 e sexa consecuencia dunha ou varias das seguintes actuacións:

a) A subscrición dun acordo cun terceiro que os obri-gue a adoptar, mediante o exercicio concertado dos derei-tos de voto de que dispoña, unha política común dura-deira no que se refire á xestión da sociedade ou que teña por obxecto influír de maneira relevante nesta.

A obriga de notificación será colectiva e compartida por todas as partes no acordo. Esta obriga poderá cum-prirse mediante unha única notificación común. No entanto, non poderá considerarse que o recurso a unha notificación única libere ningunha das persoas físicas ou xurídicas afectadas da súa responsabilidade en relación coa notificación.

b) A subscrición dun acordo cun terceiro que pre-veva a transferencia temporal e a título oneroso dos dereitos de voto en cuestión.

c) O depósito de accións en garantía, cando a persoa física ou xurídica á cal se alude no primeiro parágrafo deste artigo controle os dereitos de voto e declare expre-samente a súa intención de exercelos.

d) Acordos de constitución dun dereito de usufruto sobre accións.

e) Acordos ou negocios dos previstos nas letras anteriores, subscritos por unha entidade controlada pola citada persoa física ou xurídica.

2. Igualmente quedarán obrigados ás notificacións previstas neste artigo cando a proporción de dereitos de voto adquirida, transmitida ou posuída alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes do artigo 23.1, os seguintes suxeitos:

a) As entidades que presten o servizo de administra-ción, rexistro e custodia de valores, sempre que poidan exercer discrecionalmente os dereitos de voto que atribúan as accións en ausencia de instrucións específicas por parte dos accionistas.

b) A persoa física ou xurídica que posúa os dereitos de voto atribuídos ás accións adquiridas ou transmitidas a través de persoa interposta.

Considerarase persoa interposta, para os efectos deste real decreto, aquela que, en nome propio, adquira, transmita ou posúa accións por conta doutra persoa física ou xurídica. Así mesmo, presumirase tal condición cando se deixe total ou parcialmente a cuberto dos riscos inherentes ás adquisicións, transmisións ou á posesión das accións.

c) Os representantes, cando poidan exercer discre-cionalmente os dereitos de voto, en ausencia de instru-cións específicas dos accionistas representados. Esta notificación será independente da que, de ser o caso, deba remitir a persoa física ou xurídica que transmitise os dereitos de voto en representación.

O representante poderá comunicar, con carácter pre-vio á celebración da xunta de accionistas e mediante unha única notificación, a proporción de dereitos de voto que pode exercer como consecuencia da representación que posúe, sempre e cando na notificación conste claramente a situación resultante en canto a dereitos de voto, unha vez que finalice a xunta de accionistas.

Igualmente, o accionista que outorgue a representa-ción a que se refire o parágrafo anterior poderá remitir unha única notificación a partir desa data, deixando cons-tancia expresa da situación resultante en canto a dereitos de voto se refire unha vez que finalice a xunta.

d) As sociedades xestoras de institucións de investi-mento colectivo, en relación cos dereitos de voto atribuí-

dos ás accións que formen parte do patrimonio das institucións que xestionan, salvo que renuncien expresamente ao seu exercicio, de conformidade co disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo e na súa normativa de desenvolvemento.

Entenderase por sociedade xestora toda sociedade definida como tal na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

e) No suposto de copropiedade de accións terá a consideración de suxeito obrigado o copropietario ou persoa designada para exercer discrecionalmente, por parte dos copropietarios, os dereitos de voto atribuídos ás accións.

Artigo 25. *Suxeitos obrigados a notificar no caso de grupos.*

1. Nos supostos de grupos de entidades definidos no artigo 4 da Lei do mercado de valores, non será necesaria a notificación das entidades que, formando parte deste, sexan suxeitos obrigados segundo os artigos 23, 24 e 26, sempre que as notificacións sexan realizadas pola entidade ou persoa dominante.

En todo caso, a persoa dominante estará obrigada a notificar sempre que calquera das sociedades por ela controladas alcance, descenda ou supere as porcentaxes establecidas no artigo 23, mesmo cando a posición final de dereitos de voto daquela non se alterase.

2. O sinalado no punto anterior non será de aplicación no suposto en que unha sociedade controlada teña a condición de administrador dunha sociedade cotizada, caso en que deberá notificar todas as operacións realizadas sobre accións ou instrumentos financeiros da citada sociedade, de conformidade co disposto no artigo 31 deste real decreto e no artigo 9 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado.

Artigo 26. *Sociedades xestoras e empresas de servizos de investimentos pertencentes a un grupo.*

1. A entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo non estará obrigada a agregar a proporción de dereitos de voto que atribúan as accións que posúa á proporción de dereitos de voto das accións que formen parte do patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas pola citada sociedade xestora sempre que esta exerza os dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

Malia o anterior, os artigos 23 e 24 aplicaranse cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investise en accións que integren o patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas pola sociedade xestora e esta careza de discrecionalidade para exercer os dereitos de voto correspondentes e poida unicamente exercelos seguindo as instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

2. A entidade que exerza o control dunha empresa de servizos de investimento non estará obrigada a agregar a proporción dos dereitos de voto que atribúan as accións que posúa á proporción que a empresa de servizos de investimento xestione de maneira individualizada como consecuencia da prestación do servizo de xestión de carteiras, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a empresa de servizos de investimento estea autorizada para a prestación do servizo de xestión de carteiras nos termos establecidos no artigo 63.1 d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Que só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións seguindo instrucións formuladas por

escrito ou por medios electrónicos ou, no seu defecto, garanta que cada un dos servizos de xestión de carteira se presta de forma independente de calquera outro servizo e en condicións equivalentes ás previstas na Lei 35/2003, do 5 de novembro, de institucións de investimento colectivo, mediante a creación dos oportunos mecanismos, e

c) Que exerza os seus dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

A pesar do anterior, os artigos 23 e 24 serán de aplicación cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investise en accións xestionadas por unha empresa de servizos de investimento do grupo e esta non estea facultada para exercer os dereitos de voto vinculados a esas accións e só poida exercer os dereitos de voto correspondentes a esas accións seguindo instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

Artigo 27. *Requisitos que deberá cumprir a entidade dominante dunha sociedade xestora ou empresa de servizos de investimento para non agregar as participacións de acordo co establecido no artigo 26.*

1. Para os efectos da aplicación do artigo 26, calquera entidade dominante dunha sociedade xestora ou unha empresa de servizos de investimento deberá cumprir as seguintes condicións:

a) Non deberá interferir, dando instrucións directas ou indirectas ou de calquera outra maneira, no exercicio dos dereitos de voto posuídos pola sociedade de xestión ou empresa de servizos de investimento;

b) A sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento deberá estar en condicións de exercer, independentemente da entidade dominante, os dereitos de voto vinculados aos activos que xestione.

2. Para poder acollerse ao establecido no artigo 26, a entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou dunha empresa de servizos de investimento deberá notificarlle, sen demora, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, a seguinte información:

a) Unha lista que identifique as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e empresas de servizos de investimento que conforman o grupo, así como as autoridades competentes para a súa supervisión, sen incluír unha referencia a cada un dos emisores das accións cuxos dereitos de voto xestionen. Esta lista actualizarase de forma continua.

b) Unha declaración que especifique que, en relación con cada unha das sociedades xestoras ou empresas de servizos de investimento, a entidade dominante cumpre coas condicións establecidas no número 1 deste artigo.

3. Cando a entidade dominante queira acollerse ás exencións só en relación cos instrumentos financeiros, notificaralle á Comisión Nacional do Mercado de Valores unicamente a lista mencionada no número 2, alínea a).

4. Sen prexuízo das facultades atribuídas á Comisión Nacional do Mercado de Valores na Lei do mercado de valores, correspóndelle á entidade dominante acreditar, co requirimento previo da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) Que a entidade dominante e a sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou a empresa de servizos de investimento contan cunha estrutura organizativa adecuada que garanta que os dereitos de voto das accións que estas xestionan se exercen independentemente da empresa dominante;

b) Que as persoas que deciden sobre o exercicio dos dereitos de voto das accións que xestionan actúan de forma independente.

c) Que existe un mandato claro por escrito que impón unha relación de independencia entre a empresa dominante e a sociedade de xestión ou empresa de investimento cando a empresa dominante sexa cliente ou teña unha participación nos activos xestionados por calquera delas.

A condición establecida na alínea a) implicará, como mínimo, que a entidade dominante e a sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento teñan establecidos políticas e procedementos formalizados por escrito que estean razoablemente concibidos para evitar a difusión de información entre a entidade dominante e a sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento, en relación co exercicio dos dereitos de voto.

5. Para os efectos do disposto na alínea a) do número 1, enténdese por «instrucións directas» calquera instrución dada pola entidade dominante ou outra empresa controlada por ela que especifique como deben exercerse os dereitos de voto xestionados pola sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento en determinados casos.

Por «instrución indirecta» enténdese calquera instrución xeral ou particular, dada pola entidade dominante ou outra empresa controlada por ela, en calquera forma co fin de promover os seus intereses comerciais de forma concreta, limitando a capacidade de decisión da sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento no exercicio dos dereitos de voto que xestionan.

Artigo 28. Instrumentos financeiros que confirman dereito a adquirir accións xa emitidas que atribúan dereitos de voto.

1. A obriga de notificar aplicaráselle tamén a toda persoa que posúa, adquira ou transmita, directa ou indirectamente, outros instrumentos financeiros que confirman o dereito a adquirir, exclusivamente por iniciativa propia do citado detentor e segundo acordo formal, accións xa emitidas que atribúan dereitos de voto dun emisor cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, cando a proporción de dereitos de voto alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes establecidas no artigo 23.

2. Para estes efectos, consideraranse instrumentos financeiros os valores negociables e os contratos de opcións, futuros, permutas financeiras (swaps), acordos de tipos de xuro a prazo e outros contratos de derivados mencionados nas disposicións que incorporen ao dereito español a sección C do anexo I da Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre mercados de instrumentos financeiros, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no punto anterior, así como aqueles outros que poida determinar o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O detentor do instrumento deberá gozar, ao vencemento, do dereito incondicional a adquirir as accións subxacentes ou de discrecionalidade respecto ao seu dereito a adquirilas ou non.

Por acordo formal enténdese todo acordo que sexa vinculante segundo a lexislación aplicable.

3. O detentor de instrumentos financeiros agregará e notificará todos os instrumentos financeiros definidos no punto anterior, referentes ao mesmo emisor do subxacente.

4. A notificación requirida incluírá a seguinte información:

a) A situación resultante en canto a dereitos de voto;

b) Se procede, a cadea de empresas controladas a través das cales se posúan efectivamente instrumentos financeiros;

c) A data en que se alcanzase ou traspasase o limiar;

d) No caso dos instrumentos cun prazo de exercicio, unha indicación, se é o caso, da data ou o prazo en que as accións se adquirirán ou poderán adquirirse;

e) A data de vencemento ou expiración do instrumento;

f) A identidade do detentor;

g) O nome do emisor do subxacente.

Para os efectos do disposto na alínea a), a porcentaxe de dereitos de voto calcularase sobre a base do número total de dereitos de voto e o capital correspondente, de acordo coa publicación máis recente efectuada polo emisor e publicada na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. A notificación remitiráselle tanto á Comisión Nacional do Mercado de Valores como ao emisor do subxacente do instrumento financeiro.

Se un instrumento financeiro tiver máis dun subxacente, o suxeito obrigado a remitir notificación deberá considerar de forma separada o instrumento financeiro á hora de elaborar a notificación, presentándose unha notificación separada por cada emisor das accións subxacentes.

Artigo 29. Admisión por primeira vez a negociación das accións do emisor.

As obrigas establecidas nos artigos anteriores deste título tamén se aplicarán cando se produza a admisión a negociación por primeira vez nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea das accións dun emisor para o que España sexa Estado de orixe.

Artigo 30. Ampliacións de capital e dereitos de voto con cargo a reservas e outros supostos.

1. En caso de ampliación de capital dunha sociedade cotizada con cargo integramente a reservas, só se considerará adquisición ou transmisión o incremento da proporción dos dereitos de voto e a súa diminución que sexan consecuencia da compra ou alleamento de dereitos de subscripción á asignación gratuita de accións que atribúen dereitos de voto.

2. Para os efectos de remisión das notificacións de participacións significativas, as persoas obrigadas a notificar incluírán na súa comunicación as adquisicións, transmisións ou participacións dos cónxuxes, salvo que lle pertenzan privativamente ou en exclusiva, de acordo co seu réxime económico matrimonial.

O sinalado no parágrafo anterior tamén se aplicará aos fillos que os suxeitos obrigados teñan baixo a súa patria potestade.

A separación do cónxuxe terá a consideración de transmisión por parte do suxeito obrigado. Así mesmo, considerarase que se produciu a transmisión cando os fillos deixen de estar baixo a patria potestade do suxeito obrigado.

3. Cando a transmisión de dereitos de voto, de accións ou doutros instrumentos financeiros tivese lugar por causa de morte, a notificación deberá ser remitida polos herdeiros, o testamenteiro ou o contador-partidor, informando ademais da baixa dos dereitos de voto do falecido. O prazo da notificación comezará a contar desde o día hábil bolsista seguinte á data en que produza efecto o título que orixine tal transmisión.

4. Se a transmisión de dereitos de voto, de accións ou doutros instrumentos financeiros se debe a un pro-

ceso de liquidación dunha sociedade, a notificación deberán realizala os liquidadores, dando de baixa a participación da sociedade liquidada. O prazo de notificación empezará a contar desde que se inscriba a liquidación da sociedade no Rexistro Mercantil.

5. Cando a transmisión de accións, de dereitos de voto ou de instrumentos financeiros derive de fusións ou escisións de sociedades, a obriga de notificación da transmisión recaerá na sociedade absorbente ou de nova creación. O prazo de notificación establecido comezará a contar desde que se inscriba a fusión ou escisión no Rexistro Mercantil.

A sociedade absorbente ou de nova creación deberá remitirle un escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores en que identifique as entidades afectadas, indicando a data de inscrición da fusión ou escisión no Rexistro Mercantil.

6. No caso dunha oferta pública de adquisición de accións, os accionistas da sociedade afectada que adquiran valores que atribúan dereitos de voto deberánlle notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores esa adquisición cando a proporción de dereitos de voto no seu poder acade ou supere o 1%. Así mesmo, os accionistas que xa tivesen o 3% dos dereitos de voto, notificarán calquera operación que implique unha variación posterior nesa porcentaxe. O contido das comunicacións previstas neste punto axustarase ao establecido no artigo 34. A Comisión Nacional do Mercado de Valores difundirá esa información inmediatamente.

As obrigas do parágrafo anterior serán de aplicación a partir do anuncio da oferta pública de adquisición de accións ata a liquidación ou retirada desta.

Artigo 31. *Notificacións dos administradores do emisor.*

1. Os administradores dun emisor para o que España sexa Estado de orixe cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, ademais das obrigas establecidas no artigo 9 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado, deberán informar, con independencia da porcentaxe que representen, da proporción de dereitos de voto que quede no seu poder tras as operacións de adquisición ou transmisión de accións ou dereitos de voto, así como de instrumentos financeiros que dean dereito a adquirir ou transmitir accións que teñan dereitos de voto atribuídos.

2. A obriga de notificación establecida no número anterior aplicarase tamén no momento da aceptación do seu nomeamento e cesamento como administrador. Igualmente, aplicarase cando se produza a admisión a negociación por primeira vez, nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, das accións dun emisor para o cal España sexa Estado de orixe.

3. No caso específico da obriga dos administradores de notificar as operacións realizadas con instrumentos financeiros ou derivados cuxo subxacente sexan as accións do emisor no cal ocupan o cargo, incluídos os sistemas retributivos baseados na entrega de accións, a notificación requirida incluírá a seguinte información:

- a) Clase de dereito de opción que se adquire ou transmite.
- b) Título en virtude do cal se adquiran os dereitos de opción, e, en caso de alleamento, título en virtude do cal se posúan os dereitos transmitidos.
- c) Descrición da acción subxacente da opción, precisando para estes efectos o valor das accións tanto no momento inicial como o prezo de exercicio.
- d) Prazo para o exercicio do dereito de opción.

e) Réxime de transmisión, se procede.

f) Prima, se é o caso, que se desembolsase para adquirir a opción ou calquera outra contraprestación.

g) Posibles financiamentos para a adquisición das opcións concedidas pola entidade emisora, así como, se é o caso, calquera garantía ou cobertura a favor do detentor das opcións que eventualmente lle fose outorgada por esa entidade en relación co exercicio ou cancelación desas opcións.

h) Número de opcións que se adquiren ou allean e dereitos de opción de que sexa titular o adquirente ou alleador despois da adquisición ou alleamento.

i) Estimación, con base nos datos existentes na data da notificación, do número de accións e número de dereitos de voto que resultarían do exercicio dos dereitos de opción polo titular da notificación.

Artigo 32. *Suxeitos obrigados a notificar que teñan a súa residencia nun paraíso fiscal ou nun país ou territorio de nula tributación ou co cal non exista efectivo intercambio de información tributaria.*

As porcentaxes establecidas no artigo 23 serán substituídas pola porcentaxe do 1% e os seus sucesivos múltiplos cando o suxeito obrigado a notificar en virtude dos artigos anteriores teña a súa residencia nun paraíso fiscal ou nun país ou territorio de nula tributación ou co cal non exista efectivo intercambio de información tributaria segundo a lexislación vixente.

Artigo 33. *Excepcións á obriga de notificar participacións significativas.*

A obriga de notificar establecida neste título non se aplicará:

1. Ás accións adquiridas exclusivamente para efectos de compensación e liquidación dentro do ciclo curto de liquidación habitual.

Para estes efectos, a duración máxima do ciclo curto de liquidación habitual será de tres días hábiles bolsistas a partir da operación e aplicarase tanto a operacións realizadas nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado como ás realizadas fóra del. Os mesmos principios se aplicarán tamén a operacións realizadas sobre instrumentos financeiros.

2. Aos que posúan accións na súa condición de intermediarios financeiros que presten o servizo de administración e custodia de valores, sempre que só poidan exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións con instrucións formuladas, por escrito ou por medios electrónicos.

Entenderase por medios electrónicos os medios de equipamento electrónico para o tratamento (incluída a compresión dixital), o almacenamento e a transmisión de datos, empregando cables, radio, tecnoloxías ópticas ou outros medios electromagnéticos.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, en calquera momento, solicitarlle ao intermediario financeiro a identificación de quen formulou as instrucións.

3. Á adquisición ou venda dunha participación significativa que alcance ou supere a porcentaxe do 3% ou do 5% por parte dun creador de mercado que actúe na súa condición de tal, sempre que:

a) Sexa considerado como tal en virtude das disposicións que incorporen ao dereito español a Directiva 2004/39/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros;

b) Non interveña na xestión do emisor de que se trate, nin exerza influencia ningunha sobre este para adquirir as citadas accións, nin apoie o prezo da acción de ningunha outra forma.

Entenderase por creador de mercado a persoa que se presenta de maneira continuada nos mercados financeiros a negociar por conta propia mediante a compra e venda de instrumentos financeiros, contra o seu propio patrimonio, aos prezos definidos por ela mesma.

O creador de mercado que desexe beneficiarse da exención de comunicación notificaralle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, dentro dos prazos establecidos no artigo 35, que realiza ou ten intención de realizar actividades de creación de mercado con respecto a un emisor determinado.

Cando o creador de mercado deixe de realizar actividades de creación de mercado respecto a un emisor determinado, notificarallo á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Sen prexuízo das facultades atribuídas á Comisión Nacional do Mercado de Valores na Lei do mercado de valores, en caso de que a Comisión Nacional do Mercado de Valores lle solicite ao creador de mercado que desexe acollerse á exención, que identifique as accións ou instrumentos financeiros no seu poder para a actividade de creación de mercado, este poderá efectuar a identificación por calquera medio verificable. Só se poderá obrigar o creador de mercado a ter tales accións ou instrumentos nunha conta á parte para a súa identificación en caso de que non poida identificalos.

Caso de que se requira un acordo de creación de mercado entre o creador de mercado e a bolsa de valores e/ou o emisor, o creador de mercado deberalle presentar o acordo á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando esta llo solicite.

A exención de notificación só se aplicará para a participación significativa que alcance ou supere os límites do 3% e 5%. A exención non se aplicará cando se alcancen ou superen outras porcentaxes distintas das sinaladas no artigo 23, debendo ser remitida a correspondente notificación á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao emisor.

4. As obrigas establecidas nos artigos 23 e 24.c) non se lles aplicarán ás accións entregadas aos membros do Sistema Europeo de Bancos Centrais ou facilitadas por estes no exercicio das súas funcións como autoridades monetarias, incluídas as accións entregadas aos membros do Sistema Europeo de Bancos Centrais ou facilitadas por estes de acordo cun compromiso, unha recompra ou un acordo similar de liquidez concedidas con fins de política monetaria ou dentro dun sistema de pagamento.

A exención aplicarase ás mencionadas operacións cando sexan de curta duración, sempre que non se exerzan os dereitos de voto inherentes a esas accións.

Artigo 34. *Contido da notificación das participacións significativas.*

1. A notificación requirida de conformidade cos artigos 23, 24, 27 e 29 constará da seguinte información:

- a) Identificación do emisor a que se refire a participación;
- b) Suposto que, de conformidade con este real decreto, orixina a obriga de comunicar.
- c) Situación resultante, en termos de dereitos de voto;
- d) A cadea de entidades controladas a través das cales se exercen efectivamente os dereitos de voto, se é o caso. A notificación incluírá a denominación social das entidades, o número dos dereitos de voto e a porcentaxe posuída por cada entidade sempre que individualmente dispoñan do 3% ou máis.
- e) A data en que a porcentaxe foi traspasada ou alcanzada.
- f) A identidade do accionista, aínda que este non teña dereito a exercer dereitos de voto nas condicións estableci-

das no artigo 24, e a persoa física ou xurídica con dereito a exercer os dereitos de voto en nome do accionista.

2. Ademais, a notificación a que se refire o punto anterior deberá incluír a proporción de dereitos de voto desagregada, con respecto a cada categoría de accións que comporte dereitos de voto.

Artigo 35. *Prazos para a notificación de participacións significativas.*

1. A notificación ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores farase no prazo máximo de catro días hábiles bolsistas, contados desde o día seguinte a aquel en que a persoa obrigada coñecese ou debese ter coñecido a adquisición ou transmisión das accións ou a posibilidade de exercer os dereitos de voto correspondentes.

Para os efectos deste número, entenderase que os suxeitos obrigados a comunicar deberán ter coñecemento da adquisición, cesión ou a posibilidade de exercer os dereitos de voto dentro dos dous días hábiles bolsistas seguintes á transacción.

2. No suposto de que a obriga se orixine como consecuencia dun cambio no número total de dereitos de voto do emisor, entenderase que o suxeito obrigado tivo coñecemento do feito mencionado desde a data en que a información foi publicada na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. No caso de que a obriga de comunicación traia causa do nomeamento de administradores, a obriga comezará a contar desde o día hábil bolsista seguinte ao da súa aceptación.

4. Tratándose de subscripción de accións por ampliación de capital ou de adquisición de accións por conversión, o prazo previsto neste artigo comezará a contar desde o día hábil bolsista seguinte á data de inscrición no Rexistro Mercantil.

5. Se a adquisición ou transmisión se produce por causa distinta da negociación nun mercado secundario oficial, o prazo contarase desde o día hábil bolsista seguinte á data en que produza efecto o título que orixine tal adquisición ou transmisión.

6. Cando a obriga de comunicación trae causa da admisión a negociación por primeira vez nun mercado secundario oficial español, o prazo de comunicación empezará a contar desde o día hábil bolsista seguinte ao da admisión a negociación das accións.

7. Os prazos para a remisión da comunicación calcularanse de acordo co calendario de días hábiles bolsistas vixente nos mercados oficiais. Para este fin, a Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará anualmente na súa páxina web o calendario de días hábiles bolsistas aplicable.

8. Os prazos de notificación anteriormente sinalados tamén se aplicarán ás operacións realizadas sobre instrumentos financeiros que dean dereito a adquirir accións.

9. En relación coa obriga establecida no artigo 31, o prazo da notificación dos administradores será o establecido no artigo 9 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado.

Artigo 36. *Operacións realizadas nun mesmo día e cruzamentos de límites durante o período de notificación.*

1. Para os efectos do establecido nos artigos anteriores, para determinar se se alcanzaron, superaron ou se reduciron por debaixo as porcentaxes de notificación, agregaranse todas as operacións, tanto de transmisión como de adquisición, realizadas nun mesmo día, considerándose como unha soa adquisición ou transmisión o

incremento ou diminución na proporción dos dereitos de voto que queden en poder do suxeito obrigado.

2. O disposto no punto anterior non será de aplicación para os administradores das sociedades cotizadas, que deberán informar de todas e cada unha das operacións que realicen no mesmo día.

Artigo 37. Incorporación da información sobre participacións significativas aos rexistros públicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

1. Unha vez recibida a notificación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores incorporará as informacións resultantes desta ao rexistro de información regulada previsto no artigo 92 da Lei do mercado de valores.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá practicar de oficio nese rexistro as inscricións referidas a feitos susceptibles de comunicación dos cales tivese coñecemento no marco das súas facultades de investigación e supervisión.

Artigo 38. Publicación de participacións significativas e obrigas do emisor.

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores fará pública a información sobre participacións significativas a través do rexistro de información regulada a que se refire o artigo 92 da Lei do mercado de valores no prazo máximo de tres días hábiles bolsistas contados desde a recepción da notificación por parte do suxeito obrigado. Non será necesario que os emisores remitan esa información á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Para os efectos do establecido no artigo 23.3, o emisor deberalle remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera modificación no número de dereitos de voto e de capital social, como máximo o último día hábil bolsista do mes en que se producise o incremento ou diminución do capital ou do número dos dereitos de voto.

Artigo 39. Habilitación para a aprobación dos modelos de comunicación de participacións significativas.

Habilitase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para aprobar os modelos de comunicación de participacións significativas e desenvolver as especificacións técnicas necesarias para a aplicación do disposto neste capítulo.

CAPÍTULO II

Información sobre autocarteira

Artigo 40. Obriga de comunicar e suxeito obrigado a comunicar accións propias.

1. O emisor de accións admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, para o cal España sexa Estado de orixe, comunicarlle á CNMV a proporción de dereitos de voto que quede no seu poder, de conformidade co previsto no artigo seguinte, cando adquira accións propias que atribúan dereitos de voto, nun só acto ou por actos sucesivos, ben por si mesmo, a través dunha entidade controlada ou por persoa interposta, e esa adquisición alcance ou supere o 1% dos dereitos de voto. O emisor disporá dun prazo máximo de catro días de negociación desde esa adquisición para efectuar a comunicación.

A obriga de comunicar xurdirá, no caso de adquisición por actos sucesivos, cando se produza a operación ou adquisición que, sumada ás realizadas desde a anterior comunicación, determine que en conxunto se supere a porcentaxe do 1 por 100 dos dereitos de voto do emisor. Para estes efectos non se deducirán os alleamentos ou vendas.

2. A proporción calcularase sobre a base do número total de accións que comporten dereitos de voto, mesmo no suposto de que o exercicio de tales dereitos estea suspendido, e de acordo coa publicación máis recente efectuada polo emisor e publicada na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. Para efectos deste artigo, non terán a consideración de persoa interposta aquelas entidades que, actuando como contraparte do emisor, realicen operacións que teñan como finalidade específica a cobertura do risco de mercado dun plan de opcións sobre accións, concedido polo emisor aos seus administradores ou empregados e que se formalice mediante instrumentos financeiros que se liquiden unicamente por diferenzas.

Artigo 41. Contido da comunicación de accións propias.

A notificación requirida de conformidade co artigo anterior constará da seguinte información:

a) Identificación do emisor, que adquire ou transmite as súas propias accións.

b) No caso de que a adquisición ou alleamento se realice a través doutras persoas, identificación desas persoas.

c) Con independencia de que a obriga a notificar se determine en relación coas adquisicións, identificación de todas as operacións realizadas, tanto de adquisición como de transmisión e o prezo a que se realizaron.

d) A situación resultante en termos de accións, dereitos de voto e porcentaxe.

Artigo 42. Incorporación da información sobre accións propias aos rexistros públicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

1. Unha vez recibida a notificación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores incorporará as informacións resultantes desta ao rexistro de información regulada previsto no artigo 92 da Lei do mercado de valores.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá practicar de oficio as inscricións referidas a feitos susceptibles de comunicación dos cales tivese coñecemento no exercicio das súas facultades de investigación ou supervisión.

Artigo 43. Habilitación para o desenvolvemento dos modelos sobre información de accións propias.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará mediante circular os modelos de comunicación de accións propias e as especificacións técnicas necesarias para a aplicación do disposto neste capítulo.

CAPÍTULO III

Países terceiros

Artigo 44. Obrigas dos emisores con domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea para os cales España sexa Estado membro de orixe.

1. Nos supostos en que, segundo o artigo 2.1.b), España sexa Estado de orixe e o emisor teña o seu domicilio social nun Estado non membro da Unión Europea, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximilo do cumprimento dos requisitos relativos ao contido das obrigas previstas neste título, sempre que a lexislación do Estado onde teña o seu domicilio social exixa requisitos equivalentes a este real decreto, ou cando o emisor cumpra os requisitos da citada lexislación que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere equivalentes aos da española.

2. Considerarase que un país terceiro fixou requisitos equivalentes aos establecidos nos artigos 35 e 38.1 cando, segundo a súa lexislación, o prazo máximo dentro do cal un emisor con domicilio social nese país teña que recibir a notificación das participacións significativas e divulgar ao público o seu contido sexa de sete días hábiles bolsistas.

3. Considerarase que un país terceiro fixou requisitos equivalentes aos establecidos no artigo 40 cando, segundo a súa lexislación, todo emisor cuxo domicilio social se atope nese país estea obrigado a cumprir as seguintes condicións:

a) Se se trata dun emisor autorizado a posuír un máximo do 5% de accións propias con dereitos de voto, deberá presentar unha notificación cando se alcance ou supere ese limiar;

b) Se se trata dun emisor autorizado a posuír un máximo de entre o 5% e o 10% de accións propias con dereitos de voto, deberá presentar unha notificación cando se alcance ou supere o limiar do 5% ou ese limiar máximo;

c) Se se trata dun emisor autorizado a posuír un máximo do 10% de accións propias con dereitos de voto, deberá presentar unha notificación cando se alcance ou supere o limiar do 5% ou o limiar do 10%.

Para os efectos da equivalencia, non será obrigatoria a notificación cando se supere o límite do 10%.

4. Considerarase que un país terceiro fixou requisitos equivalentes aos establecidos no punto segundo do artigo 38 cando, segundo a súa lexislación, todo emisor cuxo domicilio social se atope no citado país estea obrigado a divulgar ao público o número total de dereitos de voto e o capital correspondente nun prazo de 30 días naturais a partir do momento en que se produza un aumento ou unha diminución dese número total.

5. Considerarase que un país terceiro fixou condicións de independencia equivalentes ás establecidas nos artigos 26 e 27 cando, segundo a súa lexislación, as sociedades xestoras ou empresas de investimento estean obrigadas a cumprir as seguintes condicións:

a) A sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento debe estar, en calquera situación, en liberdade de exercer, independentemente da entidade dominante, os dereitos de voto vinculados aos activos que xestione;

b) A sociedade xestora ou a empresa de servizos de investimento non debe ter en conta os intereses da entidade dominante ou de calquera outra empresa controlada pola citada entidade dominante cando xurdan conflitos de intereses.

Pola súa parte, a entidade dominante deberá cumprir cos requisitos de notificación establecidos no artigo 27.2.a).

Ademais, deberá presentar unha declaración que especifique que, no caso de cada unha das sociedades xestoras ou empresas de investimento, a entidade dominante cumpre as condicións establecidas neste punto.

Sen prexuízo das facultades atribuídas á Comisión Naciónal do Mercado de Valores, cando se lle solicite, a entidade dominante terá que poder demostrarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores que cumpre os requisitos establecidos nos artigos 26 e 27.

TÍTULO III

Outras obrigas de información

Artigo 45. *Requisitos de información para os emisores de accións e de valores de débeda admitidos a*

negociación nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea.

1. Os emisores cuxas accións ou valores de débeda estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea aseguraranse de que todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os detentores deses valores exerzan os seus dereitos estean dispoñibles en España cando sexa o Estado membro de orixe e de que se preserve a integridade dos datos. O disposto neste punto non será de aplicación aos valores de débeda emitidos polos Estados membros da Unión Europea, as comunidades autónomas, os entes locais e as demais entidades análogas dos Estados membros.

2. Para emisores de accións que cotizan nun mercado secundario oficial, a obriga establecida no punto anterior entenderase cumprida mediante a aplicación do disposto polo artigo 117 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e as súas normas de desenvolvemento.

3. Para o resto de emisores, a obriga establecida no número 1 entenderase cumprida sempre que proporcionen, mediante a súa páxina web ou a través doutro medio de información que garanta un igual acceso á información para todos os detentores dos valores, a información requirida nos puntos 4.1.f), 4.1.i) e 4.1.j) da Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre informe anual de goberno corporativo e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades.

4. O emisor designará unha institución financeira para que os detentores dos valores poidan exercer os dereitos económicos.

5. Cando o emisor de accións ou de valores de débeda, ou a institución financeira que designase como axente para o exercicio dos dereitos económicos, estea obrigado a lles remitir información aos detentores dos valores, a xunta xeral ou asemblea de detentores de valores de débeda poderá acordar que esa remisión se realice por medios electrónicos sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Se respecte o principio de igualdade de trato.

b) Se establezan mecanismos adecuados para a identificación do detentor.

Malia o anterior, o emisor deberá remitir por escrito a información sempre que o detentor non dese o seu consentimento á súa recepción por medios electrónicos. Ese consentimento poderase revogar en calquera momento.

6. Cando só teñan dereito a participar nas asembleas os detentores de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa de polo menos 50 000 euros, o emisor poderá elixir como lugar de celebración calquera Estado membro da Unión Europea, coa condición de que nese Estado poida dispoñerse de todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os detentores exerzan os seus dereitos.

Artigo 46. *Requisitos de información para os emisores de accións e de valores de débeda admitidas a negociación en países terceiros.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá eximir un emisor domiciliado nun país terceiro do cumprimento das obrigas do artigo anterior cando considere que a lexislación dese país lle impón ao emisor uns requisitos equivalentes ou cando ese emisor cumpra os requisitos desa lexislación que a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere equivalentes.

2. En particular, considerarase que un país terceiro fixou requisitos equivalentes no que se refire ao contido da información sobre xuntas de accionistas e asembleas

de obrigacionistas cando, segundo a súa lexislación, todo emisor cuxo domicilio social se atope no citado país estea obrigado a facilitar, como mínimo, información sobre o lugar, a hora e a orde do día destas.

Artigo 47. Comunicación de sistemas retributivos de administradores e directivos.

1. Para os efectos de aplicación do réxime de publicidade dos feitos relevantes, os directivos de sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, comunicaránlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, directamente ou a través da sociedade, o outorgamento ao seu favor de calquera sistema de retribución que comporte a entrega de accións da sociedade na cal exercen o seu cargo ou de dereitos de opción sobre estas, ou cuxa liquidación se encontre vinculada á evolución do prezo desas accións, así como as eventuais modificacións posteriores destes sistemas de retribución.

Para estes efectos, entenderase por directivo o establecido no artigo 9.2 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado.

2. As obrigas de comunicación previstas no punto anterior serán igualmente de aplicación a aqueles administradores de sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea que sexan beneficiarios de sistemas de retribución análogos aos que se describiron.

3. Cando o sistema de remuneración supoña a entrega de accións ou dereitos de opción sobre estas, a comunicación conterá a información a que se refire o punto 3 do artigo 31, adaptada aos datos que sexan coñecidos na data do outorgamento do correspondente sistema a favor dos seus beneficiarios. Nos restantes sistemas de remuneración, a comunicación de feito relevante informará acerca dos termos e condicións establecidos para ser acredor ou participe final dos sistemas e da porcentaxe de participación dos comunicantes neles.

En todo caso, estas comunicacións efectuaranse nun prazo non superior a 4 días hábiles bolsistas contados desde o momento de outorgamento deses sistemas de remuneración a favor dos seus beneficiarios.

4. Habilítase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para establecer os modelos de comunicación dos sistemas retributivos a que se refire este artigo.

Disposición adicional primeira. Prazo para a comunicación das transaccións dos administradores e directivos.

Para os efectos da notificación a que se refire o artigo 9.4 do Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, sobre abuso de mercado, entenderase como días hábiles os días hábiles bolsistas nos termos establecidos no artigo 35.7.

Disposición adicional segunda. Réxime especial da Sociedade Estatal de Participacións Industriais.

O contido da información que se deberá remitir ás Cortes Xerais a que se refire o artigo 16.2 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, que remitan a Sociedade Estatal de Participacións Industriais e as empresas que a integran, de conformidade e en desenvolvemento do disposto na letra e) do punto 7 do artigo 35 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, está suxeita ás seguintes particularidades:

1. As magnitudes contables relativas ao grupo consolidado serán elaboradas aplicando o disposto na dispo-

sición adicional segunda da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

2. O resumo das contas anuais que debe incluírse no primeiro informe financeiro semestral comprenderá:

a) Balance ao final dos primeiros seis meses do exercicio en curso e balance comparativo ao final do exercicio inmediatamente anterior.

b) Conta de perdas e ganancias para os primeiros seis meses do exercicio en curso con información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

c) As notas explicativas ou memoria incluírán a información suficiente para asegurar a comparabilidade dos estados financeiros semestrais resumidos cos estados financeiros anuais, así como para asegurar a adecuada comprensión de calquera cambio significativo nas cantidades e de calquera acontecemento no semestre correspondente que se recollan no balance e a conta de perdas e ganancias.

3. O resumo das contas anuais que debe incluírse no segundo informe financeiro semestral comprenderá:

a) Balance ao final do exercicio en curso e balance comparativo ao final do exercicio inmediatamente anterior.

b) Conta de perdas e ganancias para os doce meses do exercicio con información comparativa respecto ao período comparable do exercicio anterior.

c) As notas explicativas ou memoria incluírán a información suficiente para asegurar a comparabilidade dos estados financeiros semestrais resumidos cos estados financeiros anuais, así como para asegurar a adecuada comprensión de calquera cambio significativo nas cantidades e de calquera acontecemento no semestre correspondente que se recollan no balance e a conta de perdas e ganancias.

4. O informe de xestión intermedio incluírá unha indicación dos feitos importantes acaecidos no período correspondente e a súa incidencia nas contas anuais resumidas. Así mesmo, o informe semestral relativo ao primeiro semestre deberá conter unha descrición dos principais riscos e incertezas para o semestre do mesmo exercicio.

5. As declaracións de responsabilidade sobre o contido dos informes financeiros semestrais deberán ir asinadas polo presidente do Consello de Administración ou polo administrador da sociedade.

Disposición transitoria única. Adaptación da información sobre participacións significativas.

1. Habilítase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para realizar os cambios técnicos necesarios para que a información contida nos rexistros oficiais relativa ás porcentaxes de participación dos accionistas significativos e administradores no capital dunha sociedade cotizada, remitida con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, pase a ser considerada como porcentaxe de dereitos de voto.

2. Non obstante, de algún dos accionistas significativos ou administradores mencionados no punto anterior deixaren de ser suxeitos obrigados aos cales se refire o título II, deberánlle remitirle un escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores indicando este extremo, co obxecto de que esta proceda a dalos de baixa dos rexistros oficiais.

3. Aquelas persoas físicas ou xurídicas que, de conformidade co establecido neste real decreto, sexan suxeitos obrigados a notificar cando non o fosen de conformidade co Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisicións por estas de accións pro-

pías, terán un prazo de 15 días, contados desde a entrada en vigor deste real decreto, para lle notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a porcentaxe de dereitos de voto que posúen, de acordo cos modelos de notificación que se aproben para eses efectos. En concreto, deberán notificar:

- a) Os suxeitos obrigados que teñan unha proporción de dereitos de voto igual ou superior ao 3% e inferior ao 5%,
- b) Os suxeitos obrigados aos cales lles sexa de aplicación o artigo 28,
- c) Os suxeitos obrigados aos cales lles sexa de aplicación o artigo 24.1.a).

4. Mentres non se aproben por circular da Comisión Nacional do Mercado de Valores os modelos de comunicación regulados nos artigos 39 e 43, as comunicacións de participacións significativas e de accións propias dos emisores realizaranse mediante os modelos aprobados segundo o Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisición por estas de accións propias.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisición por estas de accións propias; a Orde ministerial do 18 de xaneiro de 1991, sobre información pública periódica das entidades emisoras de valores admitidos a negociación en bolsas de valores; a Orde ministerial do 23 de abril de 1991, de desenvolvemento do Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisicións por estas de accións propias, e cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao contido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE.

Así mesmo, incorpórase totalmente ao dereito español a Directiva 2007/14/CE da Comisión, do 8 de marzo de 2007, pola que se establecen disposicións de aplicación de determinadas prescricións da Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Non obstante, as disposicións contidas no artigo 8 referentes ao informe financeiro anual entrarán en vigor

en relación coas contas anuais cuxo exercicio económico comece a partir do 1 de xaneiro de 2007, inclusive.

As disposicións contidas no título I relativas aos informes financeiros semestrais e as declaracións intermedias entrarán en vigor en relación coas informacións que se refiran a períodos que comecen a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18307 *ORDE APA/3046/2007, do 19 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 252, do 20-10-2007.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista A de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o suroeste da Península Ibérica viuse afectado pola circulación viral do serotipo 4 do virus causante desta enfermidade, adoptándose as medidas adecuadas desde aquela para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte ao mencionado serotipo.

A detección no sur de España durante o mes de xullo de 2007 dun novo illamento do virus da lingua azul, caracterizado por técnicas de laboratorio como dentro do serotipo 1 do devandito virus, fixo necesario modificar en parte a estratexia de loita contra esta enfermidade en España, dado que de momento non existe dispoñible vacina inactivada fronte ao mencionado serotipo 1.

As medidas de protección fronte á enfermidade na Unión Europea foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE, da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación, polo que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España e Alemaña, a constitúe a Decisión 2007/28/CE, da Comisión, do 22 de decembro de 2006.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas, a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada pola Orde APA/2371/2007, do 2 de agosto, e Orde APA/2601/2007, do 10 de setembro.

Ante a confirmación da presenza do serotipo 1 do virus da lingua azul na zona periférica da área restrinxida S-1-4 definida pola Orde APA/2289/2007, xunto coa detec-